



EXPEDIENTE 2024/C0005/000004: "Subministro de contedores para o Punto limpo fixo do Concello de Touro".

INFORME DA UNIDADE TÉCNICA DE VALORACIÓN DAS OFERTAS E DE FORMULACIÓN DA PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN

En relación co contrato que se pretende adxudicar:

Tipo de contrato: Subministro	
Obxecto do contrato: "Subministro de contedores para punto limpo fixo"	
Procedemento de contratación: aberto simplificado sumario	Tipo de tramitación: Ordinaria
Código CPV: 349284800-6 Contedores e cubos de residuos e lixo.	
Valor estimado do contrato: 49.030,36 € (excluído IVE)	
Orzamento base de licitación IVE excluído: 49.030,36 €	IVE (21 %): 10.296,38 €
Orzamento base de licitación IVE incluído: 59.326,74 €	
Prazo de entrega: 2 meses.	

Con data 27 de xuño de 2024, ás 10:11 horas, a unidade técnica composta polo funcionario, José Ramón Casal Orza, e o secretario-interventor, José López González, procedeu á apertura dos arquivos electrónicos presentados a través da Plataforma de Contratos do Estado. Do resultado dese acto de apertura resulta que ó procedemento presentan ofertas os seguintes licitadores:

- AP CONSTRUCCIONES METÁLICAS, S.L.U. (C.I.F. B06823033) en data 19/06/2024 ás 17:11 horas
- GONZALO FERNÁNDEZ GÓMEZ E HIJOS, S.L. (C.I.F. B14501456) en data 26/06/2024 ás 13:00 horas

En cumprimento da cláusula décimo cuarta do PCAP á vista das proposicións presentadas polos licitadores e de conformidade co establecido no artigo 159.6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, a Unidade Técnica que subscribe emite o seguinte,

INFORME

1. APERTURA DE PROPOSICIÓNS

Procedeuse á apertura das proposicións presentadas.

A cláusula 9 b) do prego de cláusulas administrativas particulares establece de xeito textual o seguinte:

*Oferta económica de valoración objetiva. Incluirá DOCUMENTACIÓN NO EVALUABLE DE LA PRESENTACIÓN DE OBLIGADA seguinte que permita acreditar que los elementos/mobiliario del parque cumplen las determinaciones de los pliegos de prescripciones técnicas: Catálogos con la descripción de los contenedores, fotografías y documentación justificativa de las características técnicas de los bienes que se van a suministrar. **La no presentación de esta documentación (documentación no evaluable que se precisa presentar) llevará a la exclusión del licitador.***

AP CONSTRUCCIONES METÁLICAS, S.L.U. non presenta a referida documentación non avaliable de obrigada presentación, polo que non pode ser tomada en consideración a oferta presentada.



GONZALO FERNÁNDEZ GÓMEZ E HIJOS, S.L, si presenta referida documentación non avaliable de obrigada presentación, xunto coa oferta económica que é a seguinte:

LICITADOR	PREZO SEN IVE	IVE	PREZO CON IVE
GONZALO FERNÁNDEZ GÓMEZ E HIJOS, S.L	36.801, 00 €	7.728,21 €	44.529,21 €

2.- CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS.

Realizada a valoración das ofertas por esta unidade técnica, de acordo coas fórmulas establecidas no prego de cláusulas administrativas particulares, quedan clasificadas co seguinte resultado por orde decrecente:

LICITADOR	PREZO SEN IVE	PUNTOS
GONZALO FERNÁNDEZ GÓMEZ E HIJOS, S.L	36.801, 00 €	100

3.- REXISTRO OFICIAL DE LICITADORES E DE EMPRESAS CLASIFICADAS

Procedeuse á comprobación no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas que as empresas mellor clasificadas están debidamente constituídas, que o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta, e non están incursas en ningunha prohibición para contratar.

A continuación compróbase si a identidade da persoa que subscribe as ofertas se corresponde coa persoa habilitada para tal fin no Rolece.

4.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN.

En consecuencia, esta unidade técnica propón ao órgano de contratación:

PRIMEIRO. A exclusión do licitador AP CONSTRUCCIONES METÁLICAS, S.L.U. por non presentar a documentación non avaliable de obrigada presentación establecida na cláusula 9 do prego de cláusulas administrativas que rexe a contratación.

SEGUNDO. A adxudicación do contrato ao seguinte licitador

LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
GONZALO FERNÁNDEZ GÓMEZ E HIJOS, S.L	100

Se ben a proposta queda en suspenso ata que Estudio Técnico Galego (redactores da Memoria valorada) comproben e informen que a oferta cumpre coas determinacións técnicas previstas no prego e na memoria valorada.

Rematado o acto ás 10:18 horas redactase o presente informe en Touro na data da sinatura electrónica á marxe.